

VECIÑANZA PARTICIPA NO COLOQUIO ‘O MUNICIPALISMO GALEGO NA ENCRUCILLADA’, QUE ORGANIZA A MAREA ATLÁNTICA DA CORUÑA

- *Santi Martínez representará a Veciñanza no coloquio que reflexionará sobre o momento que vive o municipalismo galego, compartindo a experiencia de Cuntis.*
- *O evento poderá seguirse en directo pola canle de Youtube de Marea Atlántica ás sete da tarde deste venres día 18.*

Cuntis, 16 de decembro de 2020

O voceiro municipal de Veciñanza, Santi Martínez, participa este venres no coloquio online ‘O municipalismo galego na encrucillada’, organizado por Marea Atlántica da Coruña. Canda Veciñanza estarán representadas outras tres candidaturas municipalistas que no ano 2015 gobernaron ou seguen a gobernar os seus municipios. Xosé Lois Piñeiro, alcalde da Pobra do Caramiñal, representará a candidatura de Nós Pobra; Benito Portela, alcalde de Sada, falará por Sadamaioría; e Marta Lois, concelleira en Santiago, será a voz de Compostela Aberta. O evento poderá seguirse en directo pola canle de Youtube de Marea Atlántica ás sete da tarde deste venres día 18.

Santi Martínez exporá a experiencia de Veciñanza, candidatura municipalista xurdida en 2015 que mantén dous concelleiros/as na Corporación Municipal. No coloquio reflexionárase sobre o momento no que se atopa o municipalismo galego, que malia que mantén unha notable representación en moitas vilas e cidades do País, gobernando incluso nalgunhas delas, non conseguiu conservar os excelentes resultados do movemento xurdido na primavera de 2015.

